



**CONVOCATORIA DE DOUS CONTRATOS PARA REALIZAR TRABALLOS DE LEXICOGRAFÍA
E DE REDACCIÓN E REVISIÓN DE TEXTOS NA REAL ACADEMIA GALEGA**

A Coruña, 31 xaneiro de 2022

A Real Academia Galega convoca un concurso aberto para dous contratos eventuais a tempo completo de persoal técnico, desde o **14 de marzo ao 13 de setembro de 2022**. As persoas contratadas colaborarán en tarefas relacionadas cos proxectos lexicográficos da Real Academia Galega e na redacción e revisión lingüística e estilística de textos.

As listaxes, convocatorias e resolucións publicaranse no sitio web da Real Academia Galega: <https://academia.gal/>

Requisitos

Licenciatura ou Grao en Filloxía Galega, Filloxía Galego-Portuguesa ou titulación equivalente.

Méritos específicos


- a) Experiencia acreditable en traballos coa lexicografía do galego e/ou coa redacción e revisión lingüística e estilística de textos en lingua galega, segundo o perfil do contrato.
- b) Formación e experiencia acreditables en traballos de elaboración de dicionarios ou outras ferramentas lexicográficas e/ou de redacción e revisión lingüística e estilística de textos en lingua galega, segundo o perfil do contrato.
- c) Publicacións relacionadas coa lexicografía galegas e/ou coa redacción e revisión lingüística e estilística de textos en lingua galega, segundo o perfil do contrato.
- d) Coñecementos de informática e experiencia no manexo de bases de datos, follas de cálculo, procesadores de texto, edición de páxinas web e outras ferramentas informáticas.
- e) Formación e experiencia acreditables relacionadas co estudo da lingua galega, o seu ensino, a súa normalización ou a súa difusión.
- f) Coñecemento acreditable doutras linguas.

Condicións

Xornada completa. Contrato desde o 14 de marzo de 2022 ata o 13 de setembro de 2022.

Remuneración

Cada persoa seleccionada percibirá un salario bruto de 9.210,40 euros, pagas extraordinarias incluídas, polo período de seis meses do contrato obxecto desta convocatoria.



**Prazos**

1 - 11 de febreiro	Presentación de solicitudes segundo as indicacións que figuran a seguir, e especificando se desexan optar ao contrato de lexicografía ou de redacción / revisión de textos en lingua galega
14 de febreiro	Publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas
15 - 17 de febreiro	Presentación de reclamacións. Este prazo tamén será válido para corrixir a documentación presentada, se é o caso
18 de febreiro	Publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas
25 de febreiro	Publicación da listaxe das persoas seleccionadas e convocatoria para a entrevista persoal
3 - 4 de marzo	Entrevista persoal. Sede da RAG (Tabernas 11, A Coruña)
7 de marzo	Publicación da listaxe de persoas seleccionadas para os contratos e substitutas, por orde de prelación
8 - 9 de marzo	Presentación de reclamacións, que serán resoltas de xeito inapelable polo Presidente da RAG o día 10 de marzo
11 de marzo	Publicación da listaxe definitiva

Presentación de solicitudes

As persoas candidatas deberán achegar, no prazo establecido, e a través do correo electrónico secretaria@academia.gal a seguinte documentación en formato pdf:

Documento A. Solicitud

- Datos de identidade e contacto: nome e apelidos, DNI, data de nacemento, lugar de nacemento, número de teléfono, correo electrónico, enderezo postal.
- Relación de título(s) académico(s).
- Relación de méritos alegados.

Documento B. Acreditación

Documentación acreditativa dos títulos académicos e méritos.

Composición da comisión avaliadora

Presidencia	Un membro numerario/a da RAG
Secretaría	O vicesecretario da RAG
Vogalías	Un membro do Seminario de Lexicografía ou da Sección de Lingua da RAG, segundo o perfil do contrato
	Un/unha técnico/a da RAG especialista en lexicografía ou lingua galega, segundo o perfil do contrato
	Un/unha representante do persoal laboral da RAG, con voz e sen voto